



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE XANEIRO DO 2020.-

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D. Luis Cendán Fernández. Dn. Emilio Mesías Farías. Dna. Cristina Cadena Freire. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández Sr. Secretario-Acctal: D. José A. Carballo Feijoo</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e trinta e dous minutos do día vinte e sete de xaneiro do dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario-Acctal, o que o é desta Corporación D. José A. Carballo Feijoo.</p>
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Aprobación se procede da ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de Ares.

Intervén o Sr. Alcalde pedindo desculpas polo atraso e iniciando a sesión co primeiro puno dos orde do días "Aprobación se procede da ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de Ares".

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dando os bo día e as grazas a todos/as e sinalando este relato poderíamos empezalo cunha historia que resuma o motivo da ordenanza esta non, imaxinemos a un veciño/a que quere acceder a súa vivenda e non pode, un hostaleiro/a que se excede na colocación dunha terraza, un concello que ante as denuncias acontecidas unha persoa que se dirixe ao valedor do pobo, un concello que intenta minimizar o impacto. Uns hoteleiros que solicitan e pagan a terraza e outros que nin unha cousa nin outra, uns hostaleiros que cumpren coa legalidade, outros que incumpren máis sorprendentemente un concello que mira para outro lado cuns servizos económicos que non reclaman aos morosos consecuencia, necesidade de regular unha actividade ou servizo onde os que cumpren vanse ver prexudicados debido a unha inacción do concello ante os que non cumpren. Entrando máis en detalle xa a expresión do inicio parece que non está afectada de análise é outro problemas que vemos, aí está que vemos unha exposición de motivos máis dunha cidade grande é un





xenérico vamos, hai cuestión de legalidade que obvian na ordenanza tamén, cuestións moi importantes como a lei de accesibilidade tamén que si ven outras ordenanzas doutros concellos si que fan referencia a ela, aquí non hai esa advertencia, tampouco se falou co sector sobre esta nova ordenanza que son os principais afectados e consideramos que hai que escoitalos porque as características de Ares é que hai distintos negocios con diferentes característica, é certo que non se pode atender a todas, pero si escoitar a todas, hai xente que ten a sorte de ter unha beirarrúa moi ancha e lle permite plantificar unha terraza e hai outros que teñen unha beirarrúa máis pequena que non lle permite plantificar unha terraza polo tanto, estas características de Ares coa lei de accesibilidades non permite poñer terrazas en todos os lados é moi importante que se poña en algún sitio na ordenanza que se teña en conta a lei de accesibilidade porque é unha lei de rango superior como ben sabedes. Hai unha discriminación entre locais como dicía, porque a uns se lles está permitindo instalar terrazas no que eran outros aparcamentos e a outros non, non sei isto como vai a resultar coa nova ordenanza, non sei si eses permisos van ser revogados e van ser adecuados a esta nova ordenanza. Nós pensamos tamén que a ordenanza ten que ir acompañada duna actualización das taxas por ocupación de uso público que son as que temos en vigor é máis, eu creo que hai que refacela incluso no seu título, porque unha vez que hai unha ordenanza que vaia a regular o uso deste tipo de actividades a taxa debe estar vinculada a isto por tanto, creo que hai que refacer esa outra taxa que tampouco está moi clara por exemplo, nesa taxa di; rúa de categoría fiscal casco urbano 8,35€/m² pero tampouco especifica si é ano, temporada, mes, Redes que é casco urbano a día de hoxe casco urbano é cando se aprobe de forma definitiva o PXOM quero dicir, hai que mirar tamén a importancia onde están localizados loxicamente non é igual resto de municipio que Cervás que o resto do municipio e Redes en pleno porto polo tanto, nós creemos que hai unha serie de condicións nós só imos a pedir que quede sobre da mesa porque creemos que hai que melloralas un pouco no 80% hai pouca variación hai pero resulta que o que queda é moi importante para que despois haxa ese cabreo. Di aquí que a presente ordenanza é aplicable a todos os espazos sexa de titularidade pública ou privada, e a continuación di que quedan excluídas do ámbito desta ordenanza as terrazas de titularidade e usos privados punto 4, entón cales son, si son de uso privado, se refiren de uso privado de un negocio público, non nos queda moi claro, nós requisitos xerais di que “ás instalacións ás que se refire a presente ordenanza terán sempre natureza temporal, serán facilmente desmontables” primeiro, a concesión da terraza non está especificada si é temporal ou si é anual a taxa tampouco está especificada si é temporal ou anual, si a taxa é anual pois a natureza desta ordenanza será anual quero dicir, si eu pago durante un ano a taxa de utilización da terraza eu podo facer todo ano uso de esa terraza supoño eu, a non ser que se especifiquen estas cousas, di despois no punto “c) en ningún caso se poderán colocar elementos fixos ou permanentes cuxa colocación ou desmontaxe requira a realización dunha obra especial, agás os toldos” definición de obra especial, di “serán facilmente desmontables” definición de facilmente desmontables quero dicir, está en outro tipo de ordenanzas a cuestión polos técnicos ben especificada o que se entende por obra especial e o que non, si está se podería facer referencia a entendese por facilmente desmontable ou obra especial referida a tal sitio. Punto nº3 di “ en períodos excepcionais e de forma temporal, e sempre que non sexa posible





respetar o previsto no apartado 2 deste artigo, poderase autorizar o establecemento de terrazas debidamente acoutada en calzadas ou áreas de aparcadoiro, sempre que sexa compatible coa circulación de vehículos e que garanten as debidas condicións de seguridade” claro, pero aquí di en períodos excepcionais e de forma temporal pero hai a día de hoxe terrazas que ocupan este lugar pero non son períodos excepcionais e de forma temporal, levan anos instaladas entón, a pregunta que facía antes era, agora vaise cumprir isto e os que teñen a terraza se lles vai a dicir que teñen que ir por isto ou as que xa estaban xa estaban e xa non se lles toca. O punto nº4 “a eficacia xurídica da licenza quedará vinculada ao cumprimento das súas condicións ao pago das taxas e tributos correspondentes”, nós creemos que hai que incluíla na taxa reguladora de ocupación de terreos de uso público ou sexa, facer referencia a ordenanza da taxa, “as terrazas poderán instalarse durante todo o período para o cal teñan autorización” o que dicía antes non hai unha discriminación da temporada, imos a estipúlalo, “os titulares de licenzas teñen a obriga de retirar e agrupar ao remate de cada xornada os elementos de mobiliario móbiles instalados, considerando como tales as cadeiras, mesas e antucas” eu creo que aí habería que referirse ao artigo 1.2 que é o que fai referencia ao que se entende por ordenanza a cal vai ser a aplicación que non só digan mesas, cadeiras e antucas que diga tamén xardineiras, dispositivos de [inintelixible] no punto 12 di “respectarase unha distancia suficiente aos distintos elementos de mobiliario urbano, sinais de tráfico e báculos de alumeadado que garanta a súa función e que permita realizar os labores de mantemento” aquí entra a lei de accesibilidade, que di que ao menos un metro ou metro e medio para que pase unha cadeira de rodas para que pase a xente con mobilidade reducida polo tanto aquí hai unha serie de cousas que chaman a atención, o tema dos certificados di que hai que presentar a súa solicitude e un croquis ao ano, eu creo que hai que solicitar un croquis a primeira vez que se solicita e en sucesivos anos senón hai unha variación da solicitude de aproveitamento de espazo ou ben porque hai un acordo co colindante, senón hai esa variación eu creo que non se lles debe requirir aos quen solicite a terraza para ese ano novamente toda esa documentación quero dicir, deberá ser un pago automático senón hai unha variación polo cal foi concedida esa primeira licenza, di tamén certificado de seguridade cando se dispoñan de tarimas ou con ou sen condición o seguro de responsabilidade civil. En canto as limitacións de emprazamentos di “sempre que a súa dimensión e configuración física o permitan” estamos pensando que isto teñen que velo os hostaleiros que son os que van a facer, canto é o que se permitan hai que facer referencia ao que dicía antes o da accesibilidade universal a edificios e establecementos así como as persoas con discapacidade visual, xa o que dicía antes a accesibilidade universal xa ben referida na lei galega tamén que é o que di canto ten que ser o paso entón, nese sentido incumpre a ordenanza. Hai unha cuestión clara, e que hai cousas que non recolle a ordenanza pero que si está na lei de rango superior polo tanto, unha persoa pode cumprir a ordenanza sen saber que incumpre a lei de rango superior porque, porque se lle vai a pedir a licenza en base a esta ordenanza entón vostedes lles poden dar licenza en base a esta ordenanza, o problema é que si hai unha lei e non se refire a esta ordenanza vai a pasar o que pasou cun dos casos que ao final o que vai que dar de malo é o que solicita o concello para dar a licenza. Esta é a nosa primeira intervención, xa digo nós pedimos que é mellorable e tamén é necesaria polo que apuntaba ao principio de todo e creemos que dándolle un par de apuntamentos en termos





xerais é entendible e está ben pero as condicións de Ares tamén pide que nos paremos a mirar todas esas características.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP,

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dando o bo día a todos/as e sinalando que non creen que haxa que regular a taxa, nós imos a abstermos porque non participamos nela e queremos xustificar o motivo do meu antecesor, decirlle que é de sempre cando se acorda unha taxa normalmente nesa taxa quedan flecos e son correxibles, creo que en todas as taxas pasou isto, creo que había que tomar a decisión de regulalo eu non sei aínda que aquí pon 15 días no boletín oficial da provincia publicala e logo darlle aprobación, eu creo que non hai presa que estamos dentro do tempo para que na semana santa se poida actualizar a taxa percibimos que quedan algunhas cousas que se poden enriquecer a taxa o vemos ben senón ímonos a abster pero imos dar un si practicamente porque cremos que hai que empezar e cremos que é unha taxa nova que se vai a regular en serio porque hai bastantes conflitos co das terrazas e vemos que isto hai que poñelo a funcionar si como digo hai tempo para que esto se poda aprobar antes de semana santa enriquecendoa a podemos levar a outra comisión informativa e se pode enriquecer pois ben e si non darlle para diante e co tempo enriquecela e ir recollendo estas cousas que seguramente van a surxir máis non soamente as que acaba de dicir o BNG, seguramente que por parte do colectivo dalgunha persoa entendida na materia se poida enriquecer a taxa.

Remata o Sr. José Manuel Cendán Fernández a súa primeira intervención dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o tema é necesitamos esta ordenanza o cal implica en comisión ou en calquera outro ámbito se propoñan suxestións pero suxestións veñen dun profundo descoñecemento de dereito, o descoñecemento do principio de economía xurídica que implica que se repitan as cousas, do principio de xerarquía que sabemos o que son as leis superiores e que non hai que recollelas efectivamente nas normas inferiores, do principio de competencia a taxa da norma fiscal polo que só se regulan os supostos de feito é dicir, un descoñecemento xurídico brutal que permite neste pleno escoitar burradas, entón non coñecer o que é un efecto xurídico indeterminado pois efectivamente implica a intervencións como a do voceiro do BNG, evidentemente o ordenamento xurídico ten os seus principios eses principios provocan remisións que é evidente que están en leis superiores e que nós non podemos chegar e dicir nada porque si a competencia é do Estado ou da Unión Europea o concello non pode nin sequera repetir o mesmo porque é intracompetencia evidentemente, para iso hai revisións tácitas, expresas o principio de xerarquía o principio de competencia e en consecuencia pois un profundo descoñecemento do funcionamento do dereito pois pode dar lugar a intervencións atoladas. A ordenanza pode ser discutible nalgún punto en concreto nós dentro das solucións posibles a un problema optamos por unha e pode haber varias en consecuencia ao mellor e mira, ese problema o podíamos resolver desta outra maneira pois si, nese ámbito concreto pois efectivamente pódese debater pero nos terían que dicir





efectivamente que conflito admitiría outras solucións diferentes que non están recollidas nesta ordenanza pero evidentemente non é así e dicir, evidentemente o debate partía do descoñecemento profundo do que é sen dúbida algunha a técnica xurídica entón efectivamente a lei está por encima, dictouna que a dictou e que ten competencia non se pode modificar absolutamente nada e está claro que efectivamente como normativa superior está claro que é sen dubida algunha ten que tipificar os seus ámbitos e nós nese sentido loxicamente aquilo que esta nesa lei entender que o principio de xerarquía impón as definicións e os conceptos que están recollidos nesa norma.

En canto a casuística, creemos que recollemos a máis importante porque esta ordenanza parte da experiencia de todos estes anos e sabemos cales son os problemas que se xera e intentar dar unha resposta isto non ten nada que ver con taxas porque iso vai na ordenanza fiscal e en consecuencia será na ordenanza física onde se regula todo o que ten que ver co devengo, co dereito ao cobro do concello por estes espazos ou no ámbito que define cada normativa de usos que di como ten que usarse as terrazas, como teñen que instalarse, como teñen que construírse, en que poñerse en que situarse, pois loxicamente da man dos técnicos municipais van a resolver pois todos problemas que vimos padecendo. Esta ordenanza o que pretende é dotar toda esta problemática de seguridade xurídica que os veciños saben que teñen, os hostaleiros saben os dereitos que teñen, os hostaleiros saben loxicamente sen dubida algunha os dereitos que loxicamente teñen en función da licenza é iso hasta agora non ocorre en consecuencia pois temos esta ocupación, que se montan e non se desmontan dificultando a limpeza dos servizos municipais, pódese xerar conflitos porque se obstaculiza o acceso a garaxes, planificar é do que se trata dos temas máis importantes e en consecuencia non digo que haxa unha casuística e que este recollida toda aquí pero o principio de economía xurídica, o principio de xerarquía o principio de competencia e de efectos xurídicos indeterminados todo iso é unha técnica xurídica que disipa dúbidas e claro o que non a chega a coñecer pois as ten todas non saben como resolven pero os chamados a aplicar esta normativa pois efectivamente son técnicos e está claro que non van a ofrecer ningún problema ou se aplican outras ordenanzas onde aparelladores, arquitectos e tal pois poderán ter unha visualización moito máis concreta que a que podo ter eu porque non forman parte eses supostos non forman parte do meu ámbito lineal pero está claro que efectivamente dende o punto de vista técnico esta ordenanza é impecable todas esas suxestións do BNG non sei si se refiren a casuísticas concretas para enriquecela pero o que non poden é como sempre intentar atrasala e en canto a dúbidas xurídicas pois efectivamente llas resólvollas eu persoalmente pero non é o lugar o pleno onde se teñan que impartir unha explicación definida de todos os principios xurídicos que disipan efectivamente a dúbidas que ten.

Remata o Sr. Alcalde a súa intervención, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e sinalando que hai unha cuestión que ten que ver o tipo de cadeiras, é posible que haxa algunhas cadeiras que non se poidan utilizar pola condición da beirarrúa pero outras si, isto nas ordenas dino é si hai que poñelo pois ponse e se pode solucionar o tema. Eu creo que é interesante que o concello de Ares que pretende ser un





concello turístico que tamén atenda a outras características doutros concellos tamén turísticos referidas ao ornato e aí fai unha pincelada di “que as xardinerías e antucas terán unas características comúns que en todo caso será previa a determinación do concello” eu creo que tamén é interesante pensar si é necesario definir un tipo de mobiliario urbano, aínda que non é mobiliario urbano si é espazo urbano entón igual tamén sería ben si queremos poñer unha marca de calidade a Ares concello dende o punto de vista turístico igual e ben pensar nunha tipoloxía que acerque e que dalgunha maneira iguale un pouco o que ten que ver cas terrazas, hai solucións verdadeiramente bonitas para algún locais ao respecto do mobiliario eu creo que iso tamén sería moi a favor.

Eu entendo agora porque vostede di que escoitou burredas, vostede escoitou burredas porque non entendeu absolutamente nada do que dixen, eu non dixen de modificar leis de rango superior, eu non dixen nada de iso, eu o que digo é que leín as ordenanzas doutros concellos entre elas unha das cales foi pegada e introdución e fan referencia ou ben no preámbulo ou ben no prólogo as leis que están vinculadas a isto e non vexo porque iso xuridicamente non está permitido, porque di vostede que iso non está permitido, porque di vostede que nas ordenanzas non se pode referenciar as leis non sei urbanísticas, xa lle digo que eu as que vin veñen referenciadas e eu falo dende o punto de visto do hostaleiro, de facilitarlle ao hostaleiro non de variar ningunha lei porque eu en ningún momento lle dixen de variar algunha lei pero eu falo dunha clarificación dende o punto de vista do hostaleiro porque como lle dicía antes, vostede non contestou, que fas cas terrazas que xa están postas e que segundo esta normativa non cumpren porque fala de estacionamentos temporais, vostede non me contestou, eu simplemente o que facemos nós son aportacións que creemos que melloran a ordenanza e a regulación de taxa xa sabemos que é a taxa que se paga pero agora hai unha ordenanza que o regula e polo tanto creemos que debe ir acompañada disto que tamén lle fixen a pregunta ao respecto da categoría fiscal e porque non estaba especificado e vostede tampouco non me contestou entón vostede non se preocupe que eu non estudiei dereito, estudie dereito fisicamente [inintelixible] encorbado pero vostede non se preocupe que eu iso non lle vou a discutir aínda que vostede non sempre ten a certeza, que é certo pero unha cousa é o dereito civil e outra é o dereito administrativo, non é a primeira vez que vostede fala como si profesor de dereito civil en ves de dereito administrativo polo tanto de verdade, eu non veño aquí a dar clases de dereito porque non é a miña obriga, son político e miro a ordenanza que vai a afectar aos veciños/as sobre todos a os de hostalería pero tamén aos veciños que viven nas rúas e nas casas colindantes e polo tanto eu considero que é unha mellora non unha clarificación, para nada vou a vir aquí a dar unhas leccións de dereito, e iso dígollo con toda a harmonía do mundo porque eu son músico.

Remata o Sr. Mesías Farías a segunda intervención dando as grazas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que só dende unha ignorancia xurídica importante pódense dicir cousas como as que ti dixeches, si entras en supostos de feito en este sitio hai este problema, é a ordenanza lle podía dar esta solución é podía haber esta outra iso é preocuparse polos problemas dos veciños/as e buscarlles solucións pero ceñir o 90% da





intervención nun debate xurídico onde que efectivamente hai que respectar a lei de accesibilidade que é unha lei superior o que cae de caixón o cal non hai que dicilo en ningún sitio porque senón teríamos que empezar en todos os regulamentos falando da constitución entón vostede falou de técnica xurídica sen ter idea da mesma entón porque cando se fala de que si hai obras especiais, porque cando se fala dun espazo insuficiente, son conceptos xurídicos determinados que se utilizan en técnica xurídica para non acotar un suposte de feito de maneira restritiva e que por tanto nesa definición entren máis en consecuencia efectivamente, utilízanse conceptos amplos para non cometer o erro de ser tan concretos segundo a regulación que de cen supostos só encontra un por iso se utilizan conceptos xurídicos indeterminados que por certo, non ten nada que ver ca discrecionalidad os conceptos xurídicos indeterminados teñen varias solucións xustas porque non todos os supostos..... e de todas as solucións xustas haberá que optar por unha, pero son xustas na discrecionalidad a solución é arbitraria entón porque utilizamos esa técnica xurídica porque é a que utilizamos para regular espazos da vía pública e en consecuencia hai que dar explicación porque utilizan conceptos xurídicos indeterminados hai que falar da normativa, hai que facer referencia da lei de accesibilidade pero por favor, pero si xa é unha lei superior, que hai que facer referencia, hai que definir os seus conceptos, el ámbito competencias xa está definido nós o único que temos que facer é acollelos en consecuencia é absurdo que vostede me discuta do que non sabe e non sexa capaz de dicir aquí, nesta terraza hai este problema e esta ordenanza non o soluciona e en consecuencia efectivamente hai que regular este suposto ou, nesta terraza hai este problema a ordenanza dálle esta solución e non é xusta porque creemos que esta solución [intelixible] vostede prefire divagar con conceptos xerais e efectivamente pois meterse aquí a secretario do concello e en consecuencia a intentar escribir o informe xurídico do secretario. Eu son profesor de dereito civil e tiven que estudar todas a materias lóxicamente da facultade e ademais son especialista en protección de menores onde sen dubida algunha a administralización dos procesos iniciais da protección do menor e situacións de desamparo tamén servíume para aprender algo de dereito administrativo en todo caso, eu non son o secretario da corporación e como alcalde non teño que saber nada de dereito para iso está o Sr. Secretario pero o que non son é parvo e que utilice unha técnica xurídica para falar de supostas condutas dos veciños/as aos que esta ordenanza lle da solucións pois iso é do que hai que falar aquí, de que aquí hai este problema e isto non ten solución ou aquí hai este outro e esta solución non nos vale e en consecuencia isto vostede non o fai por iso prefire divagar con termos xerais que non son a problemática é dicir a problemática da ordenanza non é a técnica xurídica senón en todo caso serían os supostos de feito que regula e as solucións e consecuencias xurídicas que cada un lle atribúe do que vostede cita aquí non vou a apuntar absolutamente nada porque esta ordenanza intenta resolver os problemas que por desgraza da experiencia nos permite recoñecer e en consecuencia intentar solucionar de maneira útil sen ter a última palabra, que mañá aparece outro problema que non está aquí e aparece outra solución e hai que cambialo e se cambia e non hai absolutamente ningún error o que non se pode facer é que todo teña que quedar enriba da mesa para facer tesis doutorais non, sobre as terrazas non fai falta facer ningunha tesis doutoral si vostede ten algunha cuestión que suxerir nola di, a debatemos e si hai que incorporala efectivamente pois se incorporara.





O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que hai unha cousa que voto de menos e que hai que regularizar en canto a contía, e hai algunhas cousas puntuais que se podían recoller o dixeran anteriormente o tema do tempo, si da tempo para a semana santa eu creo que si, si podíamos darlle outra volta a ós nos vale ímonos a abster creemos que hai que darlle solución a isto e estamos de acordo pero nos imos a abster si puideramos [intelixible] porque ata semana santa si a puideramos meter, porque como xa dixeran anteriormente e eu teño experiencia niso aos seis meses ou un ano saen cousas novas as taxas case sempre hai que modificalas, regulalas e incorporar algunha cousa, nós ímonos a abster votamos si na comisión informativa porque creemos que hai que regularizar isto pero nos imos a abster porque non participamos e vemos hai algunha cousa que se podía incorporar e pediríamos que quede sobre da mesa e que a semana que ven que hai comisión achegamos un pouco porque creo que estamos en tempo e forma de que en semana santa este liquidado porque creo que antes de semana santa non corre tanta presa pero ben, nós estamos de acordo de que o goberno tome a iniciativa.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que isto non é unha taxa, a ordenanza fiscal que regula as taxas non se toca, non se toca se aplica sobre unha realidade, a realidade para as terrazas sobre as que hai unha ordenanza fiscal que nin se toca e que polo tanto vai a seguir sendo regulada como hasta agora simplemente vaise a aplicar sobre unha realidade mellor definida é dicir, o que cambia é a regulación de un suposto de feito polo que se aplica unha ordenanza fiscal que non se toca, que segue sendo a mesma entón esa realidade fiscal segue sendo igual o que pasa é que o suposto de feito que devenga ese cobro pasa a estar regulado, a terraza ten que ser así ou desta outra forma, simplemente cambiase a realidade sobre a que efectivamente se segue aplicando a ordenanza fiscal que non se modifica, modifícase a ordenanza que regula a instalación das terrazas.

Unha vez rematadas as quendas de intervención, imos a votar a proposta de que quede sobre da mesa.

Sometida a votación a proposta do grupo BNG de que quede sobre da mesa o Pleno do Concello por 5 votos a favor (3 PP-2 BNG) e 8 votos en contra (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL), acorda rexeitar a proposta.

O Sr. Alcalde somete a votación a aprobación da “Ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de Ares”

Sometida a votación a Aprobación da “Ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de Ares” o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL), e 5 abstencións (3 PP-2 BNG) acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 2.- Resolución servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente a actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conducións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos.





Dáse conta da resolución do recurso especial en materia de contratación emitido polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) de data 25 de marzo de 2019 do seguinte teor literal;

RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, a 25 de marzo de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por D. Cándido José Martínez González actuando en nome e representación de FCC AQUALIA S.A. contra os acordos de exclusión da súa oferta e adxudicación ditados no procedemento de licitación do contrato de xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da Zona Norte da Ría de Ares e Sur da Ría de Ferrol (conducións e bombeo) Ares, Fene e Mugarbos, licitado polo Concello de Ares, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Concello de Ares convocouse a licitación do contrato de xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da Zona Norte da Ría de Ares e Sur da Ría de Ferrol (conducións e bombeo) Ares, Fene e Mugarbos, cun valor estimado declarado de 1.281.600euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación no BOP de data 20.02.2018.

Segundo.- Segundo o expediente da licitación, a mesma estivo sometida ao texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSPP, en adiante).

Terceiro.- O recorrente impugna tanto a exclusión da súa oferta do procedemento de licitación coma a adxudicación á empresa SOCIEDADE ANÓNIMA DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, acordos adoptados en sesión plenaria de data 28.12.2018.

Cuarto.- O día 01.03.2019 FCC AQUALIA S.A. interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin na sede electrónica da Xunta de Galicia, con enlaces cara isto na web deste Tribunal.

Quinto.- Na mesma data reclamouse ao Concello de Ares o expediente e o informe ao que se retire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 7 e 8 de marzo de 2019.

Sexto.- Trasladoose o recurso aos interesados o 08.03.2019, sen que se recibiran alegacións.





Sétimo.- Este Tribunal en sesión celebrada o día 07.03.2019 acordou mantera suspensión do expediente de licitación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- En virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira LCSP o presente recurso tramitouse conforme aos artigos 44 a 60 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- O recorrente impugna, por un lado, a súa exclusión do procedemento de licitación, o que de por si lle outorga lexitimación a eses efectos.

Por outra banda, xunto que ninguén cuestionou esta lexitimación perante este TACGal, é criterio constante dos Tribunais Administrativos de recursos contractuais que dúas son as posibilidades de impugnación contra o acto de exclusión (non acumulativas): contra o acto de trámite cualificado que así o decida, ou contra o acto de adxudicación onde se recolle tal exclusión, como aquí sucede (por todas, Resolución 15712015 Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Junta de Andalucía). A maiores, recentes sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, como é a Sentenza TXUE de 11.05.2017, c-131116, ampara a lexitimación de casos coma este, onde o excluído impugna contra o acto simultáneo de exclusión e adxudicación a outro, precisamente nun suposto onde só existían dous licitadores, coma aquí. Por exemplo, a Resolución 20812019 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, tras cita desta S. TXUE, menciona: *"Procede en este punto acoger la tesis patrocinada por la recurrente. A tenor de la interpretación postulada por el Tribunal de Justicia de la Unión Europea, cuando en un procedimiento de licitación concurren dos licitadores, habiendo acordado la exclusión de una oferta y la adjudicación a favor de la otra, debe admitirse la legitimación del licitador excluido para impugnar ambas decisiones..."*

Finalmente, e neste eido da lexitimación, o recorrente alega determinadas deficiencias na valoración das ofertas, concretamente no referente á puntuación dos criterios suxeitos a xuízo de valor. Como dixemos, nos atopamos ante unha licitación á que se presentaron unicamente dous licitadores e que a causa de exclusión da recorrente é a consideración da súa oferta como inviable, tras atoparse inicialmente na situación de baixa desproporcionada. Así, e tendo en conta que o PCAP establece un límite mínimo na puntuación técnica que debían superar os licitadores para continuar no procedemento, e estando configurado o limiar da baixa desproporcionada en función das ofertas





económicas existentes, resulta que a correcta valoración das ofertas técnicas pela mesa de contratación é relevante para a situación de baixa desproporcionada na que se atopou a oferta do recorrente, do que resulta tamén así a lexitimación deste para cuestionar a dita valoración.

Cuarto.- Os acordos impugnados foron notificados o día 11.02.2019, polo que o recurso foi interposto dentro do prazo legal.

Quinto.- Debemos analizar a natureza desta licitación a efectos de determinar a admisibilidade deste recurso, xa que a mesma se cualifica como contrato de xestión de servizos públicos. En consecuencia, cómpre precisar, a tal fin, se debemos situarnos perante un contrato de concesión ou de servizos, en función da existencia nesta licitación dun risco operacional para o contratista adxudicatario.

A estes efectos, a cláusula 14 do PCAP sinala como sistema de abono do **prezo**:

"14. ABONOS AL CONTRATISTA

El importe de los servicios prestados se facturará mensualmente por el contratista.

La factura contará con un concepto que será el título del contrato especificando el mes del mismo y cuyo importe será la doceava parte del importe anual de adjudicación incluyendo los impuestos, la fecha de emisión de la misma será la del último día del mes en el cual se están ejecutando los trabajos"

Partindo xa desta clara mención, nada no expediente permite apreciar a existencia dun risco operacional significativo ou que exista un perigo de que o empresario non vaia recuperar os investimento realizados ou cubrir os custos de explotación do servizo, segundo os termos do artigo 5.1 da Directiva 2014/23/UE, polo que, a efectos da competencia deste TACGal, debemos aplicar os condicionantes de admisión dun contrato de servizos.

En consecuencia, impugnándose os acordos de exclusión e adxudicación e tendo a licitación un valor estimado superior aos 100.000 euros, o recurso é admisible neses aspectos, sen que tampouco fora esta admisibilidade cuestionada.

Sexto.- O recorrente alega, contra o acordo de exclusión, que a súa oferta incursa na situación de baixa desproporcionada foi correctamente xustificada no trámite ao efecto, polo que non procede entendela como inviable.

Ademais, alega que a adxudicación carece da debida motivación, con especial referencia ás carencias existentes no informe técnico de avaliación e puntuación dos criterios suxeitos a xuízo de valor.

Sétimo.- O órgano de contratación oponse ao contido do recurso, sinala que a oferta do recorrente foi correctamente excluída por non xustificar de xeito adecuado a súa viabilidade e que o acordo de adxudicación foi motivado.





Oltavo.- O primeiro motivo de impugnación a analizar é o correspondente á falta de motivación da adxudicación con especial referencia aos posible defectos existentes no informe de avaliación das ofertas técnicas no que se fundamentou a puntuación outorgada nese aspecto aos licitadores pola mesa de contratación, en sesión de data 09.08.2018.

Así, observamos que o acordo de adxudicación adoptado polo Pleno do Concello en data 28.12.2018 sinala unicamente a denominación do licitador adxudicatario e o prezo do contrato. A acta da sesión da mesa de contratación do día 09.08.2018 recolle exclusivamente a puntuación outorgada a ambos licitadores con referencia ao informe técnico ao respecto. Pola súa banda, este informe de data 01.08.2018 sinala os puntos obtidos por cada licitador "atendendo aos criterios para a valoración das ofertas, criterios avaliábeis de forma subxectiva", indicando nun cadro anexo a puntuación outorgada por cada un dos apartados fixados no PCAP.

A relevancia da necesaria motivación dos actos administrativos foi amplamente tratada pola xurisprudencia. A Sentenza del Tribunal Supremo de 30 de xaneiro de 2014 (Recurso de casación 3415/12), sinala que:

"la motivación del acto administrativo cumple diferentes funciones. Ante todo y desde el punto de vista interno viene a asegurar la seriedad en la formación de la voluntad de la Administración. Pero en el terreno formal -exteriorización de los fundamentos por cuya virtud se dicta un acto administrativo- no es solo, como subraya el Tribunal Constitucional, una elemental cortesía sino que constituye una garantía para el administrado que podrá así impugnar en su caso el acto administrativo con posibilidad de criticar las bases en que se funda; en último término la motivación es el medio que posibilita el control jurisdiccional de la actuación administrativa, pues, como quiera que los Jueces y Tribunales han de controlar la legalidad de la actuación administrativa, así como el sometimiento de esta a los fines que la justifican - artículo, 106.1 Constitución -, la Administración viene obligada a motivar las resoluciones que dicte en el ejercicio de sus facultades, con una base fáctica suficientemente acreditada y aplicando la normativa jurídica adecuada al caso cuestionado, sin presuponer, a través de unos juicios de valor sin base fáctica alguna, unas conclusiones no suficientemente fundadas en los oportunos informes que preceptivamente ha de obtener de los órganos competentes para emitirlos. los cuales, a su vez, para que sean jurídicamente válidos a los efectos que aquí importan, han de fundarse en razones de hecho y de derecho que los justifiquen.

A Sentenza do Tribunal Constitucional de 17 de xullo de 1981 establece que a motivación é un medio técnico de control da causa do acto, de modo que non se trata dun simple requisito formal senón de fondo, que non se cumpre mediante o emprego de calquera fórmula convencional, senón que ha de ser suficiente, isto é, ha de dar razón plena do proceso lóxico e xurídico determinante da decisión. Igualmente, na súa sentenza 35/2002 o mesmo Tribunal declara que:

"la existencia de una motivación adecuada y suficiente, en función de las cuestiones que se susciten en cada caso concreto, constituye una garantía esencial para el justiciable, ya que la exteriorización de los rasgos más esenciales del razonamiento que han llevado a los órganos judiciales a adoptar su decisión permite apreciar su racionalidad, además de facilitar el control de la actividad jurisdiccional de los Tribunales superiores y consecuentemente, mejorar las posibilidades de defensa por parte de los ciudadanos de sus derechos mediante el empleo de los recursos que en cada supuesto litigioso procedan".





Tomando como base a citada xurisprudencia é como procedemos a analizar este motivo de impugnación.

Pois ben, como xa sinalamos anteriormente, o informe técnico de data 01.08.2018 recolle a puntuación de cada un dos licitadores, cunha mera distribución dos puntos en función dos distintos apartados recollidos no PCAP. No mesmo non se recolle fundamento da concreta puntuación outorgada en cada apartado, nin análise do contido das ofertas que permita apreciar o por que desa puntuación.

Todo isto demostra unha clara e evidente falta de motivación na avaliación efectuada, que impide entendela como correcta, e supón unha manifesta vulneración dos principios de transparencia e de igualdade entre os licitadores. A simple relación dos puntos outorgados a cada licitador en cada un dos criterios suxeitos a xuízo de valor impide apreciar se a mesma se axusta a eses principios e vulnera o previsto no artigo 151.4 do TRLCSP, que abriga a que "a *adjudicación deberá ser motivada*".

Esta falta de motivación incide ademais de xeito evidente no dereito de defensa do recurrente, pois descoñece as razóns que fundamentan a avaliación dos criterios de adjudicación, o que lle impide a interposición dun recurso debidamente fundado e, igualmente, imposibilita a este Tribunal apreciar se a valoración efectuada das ofertas foi ou non correcta. Todo isto esixe da retroacción que inmediatamente exporemos.

En consecuencia, o recurso debe ser parcialmente estimado, anulando o acordo de adjudicación e retrotraendo o procedemento aos efectos de que polo órgano de contratación se explicita a motivación das puntuacións outorgadas, que non poderán variar como consecuencia da aplicación desta Resolución, dando lugar a un novo acorde de adjudicación, e demais que procedan no seu caso, a notificar aos licitadores con indicación dos recursos que caiban e con mantemento, de estimarse así, das actuacións que se terían mantido igual de non cometerse a infracción apreciada que da lugar á presente anulación da adjudicación obxecto de impugnación.

Antes suposto iguais de puntuacións cos óbices aquí apreciados, este é o criterio do Tribunais Administrativos de recursos contractuais, como o mostran - por citar algunha das máis actuais-: Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC) 1030/2018, a 216/2018 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Canaria, a 205/2018 e 334/2018 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Andalucía ou a 116/2018 do Órgano Administrativo de Recursos Contractuais de Euskadi.

A maiores deses, por exemplo a Resolución TACRC 1008/2018 recolle:

"el informe de valoración se limita a reflejar en un cuadro el resultado de las puntuaciones de cada subcriterio, para cada uno de los licitadores y, dado que al tratarse de criterios subjetivos y que, como demuestra el recurrente. las valoraciones no han seguido una determinada proporcionalidad, resta por incluir en el informe las razones que fundamentan la puntuación otorgada. La descripción de lo que cada licitador plantea en cada subcriterio, sus fortalezas y debilidades.





En consecuencia, el recurso debe ser parcialmente estimado, anulando fa resolución de adjudicación, retrotrayendo el procedimiento al momento anterior a dicha resolución de adjudicación, para que se explicite la motivación de las puntuaciones otorgadas a cada oferta y las diferencias de puntuación de cada sub-nterio, en los criterios sometidos a un juicio de valor, pero sin variar las puntuaciones otorgadas."

Tamén os recentísimos Acordos 24/2019 e 25/2019 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Navarra, onde este último explica:

"Aplicando la doctrina citada al caso concreto que nos ocupa, lo cierto es que en el expediente remitido a este Tribunal no consta documento alguno que contenga las deliberaciones del jurado ni la explicación de las razones por las que asigna las distintas puntuaciones a cada una de las propuestas, constando únicamente, en lo que ahora interesa, el documento número 04 BIS el desglose de las puntuaciones correspondiente a cada criterio de adjudicación, que se limita a indicar cada puntuación sin explicación adicional alguna; sin aportarse siquiera el acta correspondiente a fa valoración por parte del jurado de las propuestas presentadas.

Tampoco la adjudicación del concurso, conforme a la propuesta elevada por el Jurado, contiene motivación alguna relativa a la valoración de fas distintas propuestas, más allá de la puntuación global asignada a aquellas propuestas que no han resultado premiadas.

Ello obedece a que la falta de motivación del informe del Jurado constituye un defecto de forma del que no se colige como consecuencia necesaria que la asignación de las puntuaciones allf consignadas sea arbitraria, errónea o discriminatoria; motivo por el cual procede la retroacción de actuaciones hasta el momento anterior a dicha adjudicación, al objeto, exclusivamente, de que se justifique y motive adecuadamente la valoración de las propuestas y; por ende, la resolución del concurso, y se notifique en forma a los licitadores en el procedimiento, sin que en ejecución del presente Acuerdo resulte, en modo alguno, posible variar o modificar las puntuaciones otorgadas. Todo ello con conservación , de conformidad con lo dispuesto en el artículo 51 de la Ley 3912015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas. de todos aquellos y trámites que se hubieran mantenido igual de no haberse cometido la infracción apreciada que ha dado lugar a la anulación de la adjudicación objeto de impugnación y que, en el caso concreto que nos ocupa, se corresponde con el acto de apertura del sobre número 2 de las proposiciones presentadas.

Asf las cosas, procede corregir el defecto de forma apreciado, sin que sea posible en este momento, precisamente por la ausencia de motivación suficiente, pronunciamos sobre la adecuación a derecho del contenido material de la valoración realizada, y sin perjuicio de poder hacerlo si, una vez producida la subsanación del defecto, se interpone la correspondiente reclamación.

Unha vez anulada a adxudicación, non procede xa analizar o outro motivo de impugnación do recorrente con base na xustificación da súa oferta económica. Isto, así como a retroacción decretada, non afecta aos dereitos de defensa do recorrente, que será notificado dun novo acorde de adxudicación sobre o que exercer, se é de interese, as accións impugnatorias que considere.





Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. Estimar parcialmente o recurso interposto por FCC AQUALIA S.A. contra os acordos de exclusión da súa oferta e adxudicación ditados no procedemento de licitación do contrato de xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á acutación de saneamento da Zona Norte da Ría de Ares e Sur da Ría de Ferrol (conduccións e bombeo) Ares, Fene e Mugarbos, licitado polo Concello de Ares, debendo procederse segundo o expresado no fundamento último desta Resolución.
2. Levantar a suspensión no su día.
3. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.

Esta resolución, directamante executiva no sus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interponer recursos perante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/19987, de 13 deullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O PRESIDENTE, Santiago Valencia Vila. A VOGAL-SECRETARIA, Ana María de Frutos Martínez, O VOGAL, Tomás Otero Ferreiro.

Dáse conta do informe de secretaría-intervención "Motivación puntuación valoración ofertas xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á acutación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugarbos" de data 27 de decembro de 2020, do seguinte teor literal.

INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: Motivación puntuación valoración ofertas xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugarbos.

En cumprimento da resolución do recurso especial en materia de contratación polo TACGAL "Recurso nº. 56/2019" efectuase o informe técnico de 14-08-2019 de motivación das puntuacións outorgadas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Fronte aos vicios de anulabilidade, tanto a Lei 30/1992 como actualmente a Lei 39/2015, prevén una serie de efectos, que se recollen os previstos na derogada Lei 30/1992 na Lei 39/2015.





O principio de validez dos actos administrativos previsto no artigo 39 da Lei 39/2015 (anteriormente previsto no artigo 57 da Lei 30/1992), polo que os actos das administracións Públicas suxeitos ao dereito Administrativo, presumíranse válidos e producirán efectos desde a data en que se diten, salvo que neles dispóñase outra causa.

Polo que a declaración de anulabilidade será a que prive de efectos ao acto administrativo. Pero estes efectos atópanse limitados pala propia lei.

Así, o artigo 49 da Lei 39/2015 (anteriormente previsto no artigo 64 da Lei 30/1992), prevé límites á extensión da nulidade ou anulabilidade dos actos, sinalando por unha banda que a nulidade ou anulabilidade dun acto non implicará a de os sucesivos no procedemento que sexan independentes do primeiro; e por outra que a nulidade ou anulabilidade en parte do acto administrativo non implicará a de as partes do mesmo independentes daquela, salvo que a parte viciada sexa de tal importancia que sen ela o acto administrativo non fose ditado.

O referido precepto limita as consecuencias da invalidez dun acto aos que sexan consecuencia do mesmo, non afectando aos independentes, e limitando a invalidez parcial unicamente ás partes que realmente incorran na infracción do ordenamento xurídico.

Con carácter xeral a anulabilidade dun acto que se integra nun procedemento, determina que os actos administrativos posteriores ao mesmo están á súa vez viciados de anulabilidade, e por tanto, as actuacións deberían retrotraerse ao trámite inicial en que se cometeu a infracción. Con todo, conforme ao principio recollido no artigo 49 da Lei 39/2015, límitase a extensión da anulabilidade.

Ao mesmo tempo, tamén se recolle o principio xeral de conservación dos actos administrativos.

Neste sentido recollíase tanto na Lei 30/1992 (artigo 66), como actualmente na Lei 39/2015 (artigo 51).

Así, o artigo 51 da Lei 39/2015 sinala que o órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións disporá sempre a conservación daqueles actos e trámites cuxo contido se mantivo igual de non haberse cometido a infracción.

En virtude do principio de economía procesual imponse a conservación dos actos ou trámites cuxo contido sería o mesmo de repetirse as actuacións, dilatándose a tramitación, en contra do principio de celeridade e eficacia, para chegar a idénticos resultados. Se, racionalmente, pode preverse que se reproducirán os mesmos actos, o léxico é o seu mantemento.

É doutrina xurisprudencial a que, baseándose no principio de economía procesual advirte sobre a improcedencia de declarar nulidades cando o novo acto que se dite una vez





emendado o posible defecto formal deba ser idéntico en sentido material ao anterior, pois na esfera administrativa debe ser tratada a nulidade de actuacións con moita ponderación e medida.

Precisamente polo carácter restritivo ca que deben ser tratados os vicios de nulidade e anulabilidade, debemos chegar á conclusión que xa se manifesta na consulta, e é a de acudir á figura da convalidación dos actos administrativos.

Como sinala o artigo 52.1 da Lei 39/2015, a Administración poderá convalidar os actos anulables, emendando os vicios de que adoezan.

Nestes mimos termos pronunciábase o artigo 67.1 da Lei 30/1992.

Os actos administrativos anulables, a diferenza dos nulos de pleno dereito, poden ser emendados.

A convalidación é o acto administrativo polo que se emendan os defectos dun acto anterior anulable. A convalidación implica una potestade administrativa cuxa actuación se concreta precisamente na emanación do acto convalidante por cuxa virtude se emendan os defectos dun acto administrativo anterior. Así, sinala a doutrina (González Pérez) que a convalidación é un acto administrativo, aínda cando a súa finalidade específica sexa a de emendar os defectos doutro anterior.

O acto convalidante, como todo acto administrativo ditado por unha Administración pública, conforme ao artigo 34 da Lei 39/2015, producirase polo órgano competente axustándose aos requisitos e ao procedemento establecido.

Por iso, o acto de convalidación producirase polo órgano competente, que será o mesmo que ditou o acto obxecto de convalidación, a non ser que o acto fose ditado por un órgano incompetente, que non é o caso.

A Lei 39/2015, como tampouco facía a Lei 30/1992, non establece un prazo para ditar o acto de convalidación, polo que poderá procederse á convalidación en calquera momento.

Respecto diso haberá que ter en conta os prazos de prescrición de accións. Como sinala a doutrina (González Pérez), se transcorridos os prazos para revisar un acto, de oficio ou a instancia de parte, o acto devén inatacable, parece que a convalidación unicamente terá sentido cando aínda non transcorreron estes prazos, ou cando logo de incoar algunha vía de revisión, está pendente un posible pronunciamento de anulación.

Así as causas, retrotraendo o procedemento aos efectos de que polo órgano de contratación se explicita a motivación das puntuacións outorgadas, que non poderán variar como consecuencia da aplicación da Resolución nº. 64/2019 do TACGAL, dando lugar a un novo acordo de adjudicación con mantemento, de estimarse así, das actuacións que se terían mantido igual de non cometerse a infracción apreciada, co informe técnico de motivación considerábase cumprido dita acto con mantemento das actuacións que se terían mantido





igual de non cometerse a infracción aperciada e sen variar as puntuacións outorgadas, considerando o funcionario que suscribe que ciase cumprimento á Resolución do recurso especial en materia de contratación polo TACGAL "Recurso nº. 56/2019".

Ares, a 27 de decembro de 2019.

O Secretario,

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que segundo punto do orden do día é a “Resolución servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente a actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conducións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos” en consecuencia hai un expediente sobre o servizo público de explotación cuxa resolución ven ao pleno, non sei si ven a dar conta ou ven a aprobación, non ven a aprobación polo tanto, abrimos a primeira quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e sinalando que este é un tema técnico e en vance aos informes que veñen no expediente non está unha parte importante que é o Sr. Secretario foi o Sr. Secretario o que fixo o informe e hai cuestións que non nos quedan nada claro e que nos parece que este tema vai a pasar como outras cousas que si que está todo ben [intelixible] e algunha contratación, si todo está ben, todo está ben e logo hai que pagar o pato e o pato é o que pediron máis os intereses de demora entón non sei porque a min me da que aquí estamos ante un mesmo caso entón nós non podemos dar aprobación a este punto por esta cuestión e ademais houbo unha serie de acontecementos que pasaron con ocultación de información e todo iso que nos fan pensar que aquí hai unha metedura de pata, non sei si ao final vaise solucionar ou non pois a nosa posición está moi clara, non imos a dar aprobación.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que prefería que estivera o Sr. Secretario pero vou a intervir igual que si estivera o Sr. Secretario, en primeiro lugar dicir que eu aquí no pleno son o voceiro do PP no concello de Ares quero diferenciar iso porque se pode malinterpretar despois a miña intervención bastante dura sobre este tema por parte como dixen anteriormente do Sr. Secretario que non está hoxe por motivos de saúde quero dicir, que cando empezou este tema aprobouse por unanimidade na mesa de contratación aprobouse por unanimidade había catro técnicos máis o Sr. Alcalde e non pasou nada ben, ao longo dos meses aparece o Sr. Secretario e di que hai que revisar iso isto ten dúas versión unha política e outra administrativa. A administrativa é cambiase e cando veu ao pleno chamounos a atención que se lle deu a volta como un calcetín, o Sr- Secretario di que el se despistou despois de dous meses se despistou pero non é que se despistara o Sr. Secretario é que había tres técnicos máis que viron e aprobaron e deron o visto bo e aprobaron por unanimidade esta contratación. Cando se volve a traer ao pleno nos chama a atención de que se aprobou por unanimidade e imos a falar co Sr.Secretario e o Sr. Secretario nos conta unha milonga e nos leva enganados ao pleno, chagamos ao pleno e lle volvemos a reiterar ao Sr. Secretario que nos aclarara a situación e volve o Sr.Secretario a contarnos unha milonga e nós nos abtemos na votación o que ocasiona a obtención é que nos non podíamos facer a reclamación ao abtemos





e presentamos un recurso de reposición fun a falar con el e me di que non tiñamos razón ningunha a raíz de que nos non podemos por abstermos e o Sr. Secretario non informou da situación é ao enganarnos da situación foi a empresa a que recorreu ao TACGAL que é a vía administrativa O grave desta situación é que lendo e prestando un pouco de atención ao tema cremos que se está a cometer o concello o incumprimento outra vez da resolución do TACGAL creo que estes xa son demasiados erros para técnicos como dixen no anterior pleno, moi ben pagados os mellores da provincia e que estemas con esta contratación dous anos e que non se resolva, e non se resolve nós imos a recorrer x atemos todo moi estudado e imos a recorrer porque isto volve a estar mal, e quero quede ben claro, está mal, non se adapta a resolución do TACGAL e o queremos deixar ben claro e creo que non soamente o Sr. Secretario nin os técnicos que foron, non creo que foran tan parvos na primeira resolución na primeira mesa de contratación como máis listos agora, creo que as cousas políticas lle corresponden ao Sr. Alcalde e quen este presidindo o tema, é a situación que nos encontramos con isto que non o imos a resolver de momento xa van dous anos é imos a meternos noutro ano máis, o que máis nos chama a atención é que despois de estudar un pouco o tema vemos que as alegacións por parte do Sr. Secretario se xustifican porque hai unha baixa temeraria que tamén ten baixa a outra e esta ten unha baixa temeraria, o normal e darlle un prazo as empresas para que xustifiquen a baixa e a xustifican e se lles di que non, porque non meteu o soldo dos directivos paréceme lamentable as consecuencias para o concello son 880000€ eu entrei na empresa AQUALIA dinlle e vexo que estamos falando dunha das mellores empresas do mundo, e que non se lle de credibilidade a esta empresa e se lle xustifica a baixa e non se lle admite polo tema de que meten soldos de varios directivos, creo que a responsabilidade é nosa e esta empresa despois de ver que nós e o consultei cos servizos económicos do concello a empresa Porto de Paula nos está custando ao ano 200000€ por desatascas e esta empresa nas condicións o fai gratuitamente, estamos falando de catro anos de contrato 200000€ por catro son 800000€ máis a baixa da empresa estamos falando do maior contrato que este concello vai facer, creo que isto hai que licítalo e facer as cousas ben, nós non imos a parar con isto, creo que se nos tomou bastante o pelo e de boa fe nos abstivemos na comisión polas aclaracións do Sr. Secretario creo que isto vai a volver a vía administrativa e imos a facer o recurso porque creemos que non cumpre e estase incumprindo outra vez a resolución do TACGAL hai que ler e prestarlle media hora se da un conta e vostede que é profesor de dereito se dará conta de que nós temos razón, creo que isto volvo a estar mal e creo que é lamentable, nós a vía administrativa a imos a esgotar e si isto non se resolve imos a utilizar a vía penal porque creo que isto xa é bastante porque creo que isto te que vir un informe e máis informes cando está a cousa cuns técnicos normais isto xa se tería que solucionar como máximo nun ano e xa vamos dous e agora outra vai para tres e creo que non imos a entrar niso neses temas particulares porque deuse a anécdota que a primeira adxudicación coinciden os dous representantes das empresas a un se lle da o parabén no concello recibido no despacho de Beatriz Sestayo e ao outro que ven de Madrid desprazase de Madrid e ven aquí que se lle adxudicou por unanimidade nin se lle recibiu entón paréceme lamentable entón, como estes feitos están contestados e eu estiven presente e fomos enganados polo Sr. Secretario por non informarnos da verdade creo que nós imos a utilizar a vía administrativa porque o recurso do TACGAL volve a estar mal e si vemos a opción utilizaremos a vía penal porque creemos que se está a rir de nós, incidir de que eu aquí son o voceiro do PP e a miña obrigación e xurei o cargo é servir ao





pobo, eu estou na oposición e a miña obriga é o control e fiscalización de todos os actos do concello e eu vou a exercer p cargo que fun mandado e así o fixen e o prometín, creo que hai que facer as cousas ben non hai que andar con trapalladas e isto é unha trapallada que se fixo e que hai que arranxar e se non se quere arranxar pois [inintelixible].

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que non sei o que contestarache, non o sei, porque que des ti leccións aquí.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo, eu non dou leccións de nada eu dou leccións dos feitos.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que o único condenado por vía penal que hai aquí eres ti, inhabilitado e te permites unhas intervencións cunhas suxestións efectivamente que son loxicamente non sei nin como definilas porque isto é o mundo o revés entón claro, as cousas hai que collelas de quen veñen e neste caso imos a facelo así, imos a coller as cousas de quen veñen porque as cousas cando se din hai que probalas e senón hai xuízos penais para elas, acusar as persoas sen probas pois hai xuízos penais e a verdade é que me sorprende que o llanero solitario teña ese pasado, leccións que queres que che diga mellor calo e listo, está todo escrito, os informes están aí, as xustificacións informativas están aí, as empresas están aí, imaxino que a que perdeu non é parva que non quere perder cartos e loxicamente defensa os seus intereses e si aquí vira algo raro pois imaxino que a empresa sería a primeira en actuar. En calquera caso, canto cobra por hora 70€ para facturar 200000€/ano ten que durmir aquí case, es que isto é de traca, en calquera caso resérvome en seguir falando da intervención e tes unha segunda quenda si o queres usar o usas e senón efectivamente procedemos a votación.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG

O voceiro do BNG non quere intervir.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que todo o que afirmei aquí é demostrable é un relato dos feitos, isto foi aprobado en mesa de contratación por unanimidade, estamos falando de feitos, isto foi aprobado se lle dou a volta ao calcetín e cambiouse aos dous meses despois, despois Benito tardou outros dous ou tres meses e foi en decembre de 2018 cando se cambiaron os informes, isto foi aprobado por unanimidades en recurso de ningún tipo nin nada, eu estou dicindo aquí o expediente que ven hoxe a contratación porque ven e porque se fixo mal e dixeran que nós nos abstivemos, estou falando de feitos, nós nos abstivemos no pleno cando foi a ratificación porque o Sr. Secretario nos contou unha milonga antes do pleno e no pleno, e os abstivemos e non pedimos recorrer eses son os feitos e fixemos un recurso de reposición a este tema este grupo e o recurso de reposición foi desestimado polo pleno, desestimado polo pleno dicindo que non tiñamos razón ningunha e como non puidemos recorrer nós foi a empresa e ao final tiñamos razón e agora volvo a insistir, isto que ven ao pleno hoxe volve a estar mal non se fai caso a resolución do TACGAL quero que quede claro que está mal outra vez, que se está incumprindo a resolución do TACGAL e imos a volver a [intelixible] e eu creo que aquí nin son tan listos nin tan parvos, aquí hai algo máis entón, eu non estou aquí acusando a ninguén nin dicindo nada é que isto





son os feitos, levamos dous anos e vai para tres este tema aquí discutíndose e se poden facer as cousas ben, non estamos dicindo nada, nós en ningún momento quixemos facer puntillas ao Sr. Secretario antes e despois cando se lle fixo a intervención no medio do pleno que o Sr. Secretario nos volveu a contar unha milonga e despois nos abstivemos e os feitos son estes. En canto ao que dixen de Porto de Paula cobrará 70€ ou 80€ non sei o que cobra, pero o que está claro es que eses datos quiteinos dos servizos económicos de este concello non os inventei, non os inventei, e que hai unha baixa de case 80000€ si, e estamos falando dunha empresa con máis credibilidade e máis prestixio que a que se lle deu o contrato tamén, entón fagamos as cousas ben eu non estou acusando a ninguén se están a facer as cousas mal e se volven a facer e hoxe ven o mesmo facendo as cousas mal porque non se fai caso a resolución do TACGAL outra vez e que vamos facer si está mal o estamos vendo nós [inintelixible] nós lle imos a dicir porque hai recursos, están aquí cinco e o vou a deixar para o recurso de reposición que o imos a facer entón, levamos dous ou tres anos con funcionarios para unha mesa de contratación e se seguen a facer as cousas mal e non se obedece ao que di este departamento e volvese a facer caso omiso pois apaga e ímonos que imos a estar caladiños non, nós temos que dicir as cousas como son, fomos enganados e nos sentimos doídos porque fomos enganados polo Sr. Secretario municipal e tomamos a decisión de abstenernos e despois non podemos recorrer, esta é a situación e creo que está ben dito, cando queiras nun debate e o tema da condena si queres quitar ese tema e queres falar, falamos claramente dese tema tamén, eu non teño medo de nada e ao mellor vería ben para aclararlles a todos os concelleiros a maioría que están na oposición do BNG como os do teu grupo aclarar as cousas ben, eu ciñome ao punto e nós nos sentimos enganados polo Sr. Secretario Municipal que nos levou a un engano no pleno, e fixemos un recurso de reposición, non foi ningunha broma e se nos desestimou e fun a falar con el e lle dixen Manolo está mal isto, que non Manuel estás equivocado e eu lle dixen que está mal feito, e algún concelleiros desta agrupación llo dixen que estaba mal, coidado co que vedes a facer que está mal e ninguén fixo caso a nada e como nós non podemos recorrer por abstenernos foi a empresa e a empresa se lle dou a razón igual que a nós e agora vólvense a facer as cousas e vólvense a facer mal, e non imos a dicir nada, pois temos que dicilo claro e este é o órgano competente e é o tema e hai que dicir as cousas e que queden gravadas e que cada un sexa responsable do que di e do que fai e eu son responsable do que fago e do que digo e eu non dixen ningunha cousas que non este argumentada, nin unha, está todo documentado hasta iso de Porto de Paula vote os números que queira pero esa empresa leva de aquí 200000€/ano e a baixa estamos falando de case 80000€ e non lle vou a dar máis explicacións porque isto vaise a volver a debater e vai volver a vir ao pleno pois imos a seguir sen máis.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que 200000€ entre 70 son 2858 horas, 2858 horas entre 24 que é un día, son 110, Porto de Paula tería que estar aquí para cobrar iso 119 días as 24 horas como non se traballa 24 horas imos a estimar que se traballen 12h, para cobrar iso Porto de Paula tería que estar 248 días 12 horas é dicir, todo o día, cando evidentemente nos 365 días do ano hai hai 120 non laborais ou sexa, estas son as túas contas, para escojonarse.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que ao mellor de 5 días 4 [inintelixible] xa che dixen que a min quen me dou estas contas foron os servizos económicos





deste concello, e a min dáme igual que sexan 200000€ ou que sexan 100000€ é un servizo gratuíto extraordinario.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que está a interromper a miña intervención e eu escoitei a túa, non podes intervir sen permiso, estou dicindo que son as contas cas que ti fixeches todo.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que xa dixen de onde as quitei eu non as inventei.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que en calquera caso loxicamente non ten ningún sentido debater o evidente en consecuencia tiveches os dúas quendas de intervención respetaronse os terminaches e termino eu o debate, é o que pretendo facer e en consecuencia as túas contas son as dos chinos. O BNG non quixo intervir, o PP tivo as dúas intervencións eu tamén en consecuencia non é dar conta, como dixo o Sr. Secretario é para súa aprobación.

O voceiro do BNG pide a palabra.

O Sr. Alcalde dálle a palabra o voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías aclarando que o BNG non fixo a primeira intervención, a segunda sí.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sometendo o punto a votación.

Sometida a votación a Aprobación da “Resolución servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente a actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conducións e bombeos) Ares, Fene e Mugaros” o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL), e 5 en contra (3 PP-2 BNG) acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 3.- Dar conta das resolución adoptadas pola alcaldía.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da “última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm. 4.- Mocións-Propostas

Dáse conta da moción presentada pola Asociación de Empresarios de Ferrolterra ” de data 06 de setembro de 2020, do seguinte teor literal:

A. Asociación de Empresarios de Ferrolterra: Trazado corredor atlántico ferroviario portos de A Coruña e Ferrol.

Dáse conta da moción presentada pola Asociación de Empresarios de Ferrolterra para que se promova “Trazado del Corredor Atlántico Ferroviario que conecte los Puertos de A Coruña y Ferrol”.





“Trazado del Corredor Atlántico Ferroviario que conecte los Puertos de A Coruña y Ferrol”.

Los puertos de A Coruña y Ferrol, deben estar incorporados al sistema logístico del Noroeste Gallego, posibilitando el acceso a ayudas europeas (Conecta Europa) para mejorar la línea ferroviaria que permitan la circulación de trenes con tecnología actual (eléctricos, velocidades adecuadas, sistemas de seguridad, etc.). Otra de las ventajas que se obtendría con este trazado es la conexión del tejido empresarial del noroeste de Galicia con Europa, favoreciendo el acceso a los mercados. Al tiempo, sería una apuesta por un transporte sostenible.

Que se incluya en el trazado del Corredor Atlántico la conexión Ferroviaria con el noroeste de Portugal.

Desde la Asociación de Empresarios Ferrolterra (AEF), consideramos que no podemos permitirnos perder esta oportunidad y solicitamos de las diferentes fuerzas políticas del territorio el apoyo para que el corredor llegue a los puertos de A Coruña y Ferrol. Y para que la actual y potencial industria de nuestro entorno que genere tráfico de mercancías, pueda desarrollar su actividad en igual de condiciones. Todo ello en una apuesta por la competitividad, el progreso económico y el empleo en las comarcas de Ferrol, Eume y Ortegal.

Propuesta:

1.- Por todo lo expuesto la AEF solicita del Pleno Municipal del Concello de Ares, petición que también traslada a todos los concellos que conforman las comarcas de Ferrol, Eume y Ortegal, se promueva una moción en el marco de la próxima reunión ordinaria del pleno para el conocimiento, debate y en su caso aprobación de la iniciativa propuesta por la Plataforma Atlántico Norte (PAN) y apoyada por la Asociación de Empresarios Ferrolterra (AEF), para que el trazado del Corredor Atlántico Ferroviario en Galicia llegue de forma directa a los Puertos de A Coruña-Ferrol.

2.- Que se traslade al Ministerio de Fomento y Comisión Europea el apoyo al trazado:

Monforte-Lugo-A Coruña-Ferrol

Monforte-Vigo.

Aprovecho para agradecer al Concello de Ares, al propio Alcalde y al Concejel de Urbanismo, el interés por esta demanda que planteamos desde la Asociación de Empresarios Ferrolterra.

Fdo.: José Ramón Franco Caaveiro.

Presidente Asociación de Empresarios Ferrolterra.





Intervén o Sr. Alcalde manifestando que esta moción foi tratada en órganos previos por parte de todos os grupos co que escuso expoñela e a coñecemos todos, falouse en xunta de voceiros e en comisión co que é absurdo si houbera público habería que expoñela pero estando só nós aquí.

Interrompe o Sr. Mesías Farías sinalando que quere facer unha pequena intervención.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que unha vez que remate a pequena intervención o voceiro do BNG sometemos a moción a votación.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que vou a facer unha pequena intervención do que vostede dixó, para concretar en novembro do 2013 o goberno aprobou a inclusión dos corredores atlánticos e mediterráneos unha lista de nove proxectos e unidades de transporte e Galiza foi excluído desta rede. A exclusión do corredor no 2013 foi responsabilidade do PP e do PSOE que votaron no Parlamento Europeo un deseño do corredor que excluía a Galiza entón, houbo varias mobilizacións e finalmente no 2018 houbo a mobilización institucional comeza a darse pasos para que no corredor noroeste forme parte do corredor atlántico e que teña acceso o financiamento do novo período 2020-2027 porque aquí do que se trata é do feito de que este no mapa vai a implicar unha serie de investimentos e mellora. Non houbo plan de investimentos para a modernización da rede e polo tanto [inintelixible] transportes de mercadorías do 2014 e o 2020, a prioridade para o estado é a Unión Europea sigue sendo previsión polo Mediterráneo e a concesión dos portos portugueses e [inintelixible] con codos ca meseta cara Francia polo tanto, a situación do transporte en Galiza de mercadorías é desastroso e supón o 3% do total do transportes de mercadorías están pendentes a conexión dos portos exterior A Coruña, Ferrol, Vigo e Bouzas parando sempre no porto de Monforte estratéxico a reforma loxística Salvaterra, As Neves [inintelixible] entón cal é a situación agora mesmo, pois para poder ter acceso ao financiamento do período 2021-2027 hai que intentar aprobar o plan director do corredor noroeste e redactar os proxectos, para rematar xa, para non estenderme, as prioridades con respecto ao corredor do noroeste agora son , aprobar o plan director e redactar os proxectos para acceder ao financiamento europeo 2021 e impulsar a conexión dos portos e dos fondos loxísticos polo tanto, nós creemos que debe haber un financiamento da plataforma, plataforma que o Alcalde de Ferrol convocou fai uns días con sindicatos e entidades empresariais porque aí creemos que é o foro para concretar posicionamento colectivo, eu creo que o Concello de Narón dixó tamén o tema este sobre da mesa para dar resposta e non ceñirse a testemuñas do concello senón que nesa plataforma que creou o Alcalde de Ferrol que sexa onde se debe debater isto entidades empresariais e sindicatos.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa intervención dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando concretamente que é o que propón, que quede sobre da mesa.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que si, porque pensamos que quen o ten que tratar é esa plataforma da que falaba antes.





Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que esa plataforma non ten nada que ver con isto.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que é unha plataforma de entidades empresariais e sindicatos.

Toma a palabra novamente o Sr. Alcalde dicindo que a Asociación de Empresarios o presenta aquí e hai que respetalo, a asociación a presentou aquí no pleno aquí hai unha aprobación do pleno se o quixeran facer alí pois o farían alí entón, nós o imos a votar porque decidimos traelo aquí, outra cousa é que ti votes o que consideres oportuno, esta asociación a presenta ao pleno e temos que resolvelo neste pleno porque a asociación é o que quere.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo, dous puntualizacións, creo que dende hai uns meses estase a someter a unha confusión sobre o corredor da Coruña está incluído o trazado no corredor europeo nese trazado ferroviario e despois outro tema, o tema de Monforte non vai quedar limitada todo o contrario, esa liña ferroviaria vai seguir aberta ademais ten que modernízante con investimentos que o fai máis competitivo, e para finalizar dicir que isto foi feito por todos é unha nova obra para Galiza e debemos mantela creo aquí non hai un desacordo nin cores políticas nin nada, pero que houbo unha confusións que explicou antes o voceiro do BNG que hai que aclaralas como o tema do Porto da Coruña, Monforte.

Interrompe o Sr. Alcalde pedindo que se centre na moción, nn nas intervencións do BNG, as intervencións son para fixar posicións a moción ten un contido e ese é o que hai que contar

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si,

Toma a palabra o Sr. Alcalde dirixíndose ao voceiro do BNG e preguntando si votamos que quede enriba da mesa.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que si, para trasladar a plataforma.

Intervén o Sr. Alcalde respondendo que iso non o pide a asociación de empresarios.

Responde o Sr. Mesías Farías manifestando que o podemos pedir nós, pode ser.

Continúa o Sr. Alcalde sinalando que si cho fan a ti, a túas teñen que vir a aquí por pelotas e non se poden modificar pero ti aos demais lles fas o que non te guste que che fagan a ti.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non é unha emenda a explicación do noso voto é que consideramos que se debe trasladar a esta plataforma pero non é unha emenda.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que entón haberá que votala, eles piden o apoio do pleno e nós somos libres de darllo ou non pero hai que votar.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.





Sometida a votación a Aprobación da “Trazado del Corredor Atlántico Ferroviario que conecte los Puertos de A Coruña y Ferrol”. o Pleno do Concello por 11 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3PP), e 2 abstencións (2 BNG) acorda prestar a súa aprobación.

Toma a palabra novamente o Sr. Alcalde manifestando que será notificada a Asociación de Empresarios o respaldo do pleno a esta moción.

B. Moción do Grupo Municipal do B.N.G.: Iniciativa sobre seguridade marítima na ría de Ares e xestión do embarracamento e rescate do Blue Star.

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal B.N.G. “Iniciativa sobre seguridade marítima na ría de Ares e xestión do embarracamento e rescate do Blue Star” de data 14 de xaneiro de 2020, do seguinte teor literal:

Emilio Mesías Farías, voceiro do GM do Bloque Nacionalista Galega, ao abeiro da lexislación vixente e como mellar proceda, presento ante o Pleno do Concello de Ares, para o seu debate e posterior acordo, a seguinte

INICIATIVA SOBRE SEGURIDADE MARÍTIMA NA RÍA DE ARES E XESTIÓN DO EMBARRANCAMENTO E RESCATE DO BLUE STAR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ría de Ares dispón dunha im portan te riqueza produtiva, con pesca de baixura, marisqueo a pé e a flote, submarinismo para recursos específicos (ourizo de mar, anémones...) ou recollida de percebes, afectando ás contrarías de Lorbé, Sada, Miño, Pontedeume e Ares, ademais das da Coruña e Barallobre, que cantan con plans de explotación conxuntos. A is to hai que sumarlle as potencialidades que a ría presenta tamén, desde o punto de vista natural, paisaxístico e turís tico.

Se ben as características naturais da ría de Ares fixeron, innegabelmente, que sexa un lugar onde ao longo da historia embarcacións en problemas buscaron refuxio, a considerac ión legal da ría como "lugar de refuxio" para os buques que transitan cara aos portas da Coruña e Ferrol ten suposto un factor constante de ameaza á ría en xeral e á súa riqueza en particular. ao non incluír as ordes que regulan esta condición (Orde FOM/2014, de 3 de Outubro e na que se afectan ao porto de Ferro[parte das augas do denominado "fondea doiro de Ares") as medida s de control e, no seu caso, de actuación contra calquera continxencia que se puidese producir na estadía dos buques na ría.

Estas eivas e ameazas puxéronse de manifesto dunha forma flagrante co embarracamento do Blue Star, ocorrido o pasa do 22 de novembro, e a xestión posterior das tarefas até o seu rescate exitoso o pasado 10 de decembro. A inexistencia, polo menos a nivel práctico operativo, dun plan nos que consten





procedementos e protocolos de actuación, que teñan en conta as limitacións operativas e medioambientais para garantir asistencia, salvamento e intervención no caso de accidentes na ría de Ares é un feito obxectivo e innegábel a partir do vivido estes días.

A sensación xeralizada en toda a comarca, á que axudou a falta de transparencia e de información pública, é que a xestión rea lizouse cunha total improvisación. Por estas razóns, e na procura de claridade e transparencia sobre o acontecido e da posta en marcha de medidas que impidan que un feito similar poida acontecer de novo, o Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno do Concello de Ares esta iniciativa propoñendo a adopción dos seguintes:

ACORDOS

- 1.- De mandar do organismo competente do Goberno do Estado - como administración actualmente responsábel en materia de salvamento marítimo inform e pormenorizado das razóns que levaron ao encallamento do Blue Star e, asimismo, dos protocolos postos en marcha para a asistencia, salvamento e operación de intervención no caso de contaminación; tendo en conta a consideración da ría de Ares como lugar de refuxio.
- 2.- Solicitar da Xunta de Galiza que informe de cal foi a súa intervención neste proceso e, especificamente, na toma de decisións que se adoptaron ao respecto do encallamento e resgate do buque; e tamén con relación á información ao sector pesqueiro e marisqueiro eventualmente afectado.
- 3.- Urxir do Goberno do Estado e da Xunta de Galiza medidas específicas de compensación ao sector pesqueiro e marisqueiro polos prexuízos económicos derivados da prohibición de faenar que se mantivo desde o encallamento á retirada do buque.
- 4.- Esixir do goberno do Estado a revisión da Orde que regula a condición da Ría de Ares como zona de servizo ou fondeadoiro dos portas de A Coruña e Ferro!; demandando garantías na dotación de medios, sistemas e protocolos de control para enfrontar calquera incidencia ou accidente marítimo que se poida producir na ría.
- 5.- Demandar do Goberno do Estado a transferencia das competencias exclusivas en materia de Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación Mariña no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza, de acordo co disposto nos artigos 150.2 da Constitución e 36 do Estatuto de Autonomía para Galiza.

En Ares, a 19 de Decembro de 2019.





Asdo.: Emilio Mesías Farías

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que esta segunda moción é presentada polo BNG “Iniciativa sobre seguridade marítima na Ría de Ares e xestión do embarrancamento e rescate do Blue Star”

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías sinalando que hoxe debatemos con atraso esta moción polo accidente do Blue Star acontecido nas costas e pódese entender como unha sorte o feito de que non houbera un desastre ambiental ou pódese entender o accidente un aviso para dicir que estamos desprotexidos, nós entendemos a segunda e polo tanto de todo o que pasou temos o noso posicionamento, nós ao parecer que será complementado do que pasou e porque pasou, porque a pesar da condición dos medios do día a día de cada onda que subía ou baixaba de cada centímetro que se movía o barco por proa ou por popa ou babor ou estribor, a pesar de todo isto a información necesaria a día de hoxe non a temos. Que pasou e porque pasou, esa é a clave non, entón estamos completamente desprotexidos e estas ameazas puxéronse de manifesto co embarrancamento do Blue Star pois nós queremos que compre unha serie de medidas, e esa serie de medidas son as que veñen nese acordo, nesa petición de acordo é a primeira en mandar a ese organismo competente como é;

1. “O Estado como administración responsable en materia de salvamento marítimo e foi pormenorizado das razóns que levaron ao encallamento do Blue Star e, así mesmo, dos protocolos postas en marcha para a asistencia, salvan enton e operación de intervención no caso de contaminación; tendo en conta a consideración da ría de Ares como lugar de refuxio”
2. “Solicitar da Xunta de Galiza que informe de cal foi a súa intervención neste proceso e, especificamente, na toma de decisións que se adoptaron ao respecto do encallamento e resgate do buque; e tamén con relación á información ao sector pesqueiro e marisqueiro eventualmente afectado”.
3. “Urxir do Goberno do Estado e da Xunta de Galiza medidas específicas de compensación ao sector pesqueiro e marisqueiro polos prexuízos económicos derivados da prohibición de faenar que se mantivo desde o encallamento á retirada do buque”.
4. 4.- Esixir do goberno do Estado a revisión da Orde que regula a condición da Ría de Ares como zona de servizo ou fondeadoiro dos portos de A Coruña e Ferrol; demandando garantías na dotación de medios, sistemas e protocolos de control para afrontar calquera incidencia ou accidente marítimo que se poida producir na ría.
5. “Demandar do Goberno do Estado a transferencia das competencias exclusivas en materia de Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación Mariña no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza, de acordo co disposto nos artigos 150.2 da Constitución e 36 do Estatuto de Autonomía para Galiza”.





Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde manifesta que para fixar posicións os grupos, falo por imaxinación non porque teña a certeza, eu creo que esta moción presenta un problema moi gordo no quinto punto que é “Demandar do Goberno do Estado a transferencia das competencias exclusivas en materia de Salvamento Marítimo e Loita contra da Contaminación”, nós non estamos de acordo con este punto é ao mellor sen este punto poderíase aprobar, entón é unha cuestión que lle suxiro, si efectivamente retiraría o punto 5 para ter o voto do PSdeG-PSOE é unha posición que nos impide votar a favor e en contra, votaríamos unha emenda para suprimir o punto 5, unha emenda de suprimir ese punto para aprobala

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que non me contesta e encabronando porque é un ditador, que ditador, pero é así é o debate nos quedamos na chinchilla e agora en vez de dicir votamos por puntos pois entra aí para buscar efectivamente que se rompa o consenso que se ofrece porque non lle interesa ningún consenso que se ofrece quere quedar ben como valedor e quere quedar como abandeirado dunha situación e xuzgando ademais os sentimentos e efectivamente a situación que padecemos os demais como si a nos non nos importara a ría nin a situación do barco pero efectivamente eu se que estivo aí as vinte e catro horas do día e que non estivo aí en consecuencia mellor calarse e a sorna que a utilicen outros, a sorna non vai comigo e o sarcasmo tampouco, non son parvo as vexo pero son máis directo que todo isto, e si se considera suficientemente debatido pois efectivamente ten a palabra o voceiro do BNG que é o que presenta a moción para dicir o que teña en gaña como facemos os demais o que pasa é pero loxicamente é que quere dirixir o que nos dicimos e cando o temos que dicir e cando non o temos que dicir, ten proposta enriba da mesa e desde novembro que non contesta pero logo eu senos le contesto nos plenos atentase a democracia esto é absolutamente de traca e de risa.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e dicindo que pechamos este debate coa aceptación do partido socialista de que se vote por puntos e alas de que se saiba una votación favorable no resto dos puntos, polo tanto pido que se someta a votación por puntos.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que se acepta a votación por puntos.

Sometida a votación os puntos 1, 2, 3, e 4 da moción “INICIATIVA SOBRE SEGURIDADE MARÍTIMA NA RÍA DE ARES E XESTIÓN DO EMBARRANCAMENTO E RESCATE DO BLUE STAR” o pleno do concello por 12 votos a favor (7PSdeG-PSOE, 3PP e 2 BNG) e 1 abstención (1 NAL) acorda prestar a súa aprobación.





Sometido a votación o punto 5 da moción “INICIATIVA SOBRE SEGURIDADE MARÍTIMA NA RÍA DE ARES E XESTIÓN DO EMBARRANCAMENTO E RESCATE DO BLUE STAR” o pleno do concello por 5 votos a favor (2BNG, 3PP), 7 votos en contra (7PSdG-PSOE) e 1 abstención (1NAL) acorda rexeitar o punto 5.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que queda rexeitado o punto 5 polos votos do PSdeG-PSOE porque cremos que loitar sola contaminación e o salvamento non depende de quen teña a competencia senón da efectividade da mesma igual que a ten o estado que a teña a Xunta porque non depende de iso, en consecuencia queda aprobada a moción excepto o punto 5.

C. Moción PSdG-P.S.O.E.: Servizo de Pediatría.

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal PSdG-PSOE sobre a política do Goberno Galego en relación ao Servizo de Pediatría de data 07 de xaneiro de 2020 do seguinte teor literal;

O Grupo Municipal dos Socialistas de Ares de acorde e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN** sobre a política do Goberno galega en relación ó servizo de pediatría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o pasado verán de 2018, a Xunta de Galicia asumiu, de forma clara, a decisión de concentrar os servizos de pediatría en atención primaria en torno ás vilas e poboacións máis poboadas das comarcas da nasa provincia.

Esta decisión ten que ver coa necesidade, cada vez máis recorrente, de resolver o problema derivado das vacacións e baixas dos e das profesionais que prestan servizo no Sergas, e a ausencia de número suficiente de profesionais de pediatría para cubrir estas ausencias.

Neutros centros, a ausencia de pediatra cóbrese con médicos de medicina familiar. Esta problemática soe estar, fundamentalmente, concentrada no rural, senda un exemplo máis de:

Manifesta falta de compromiso do goberno galega hacia o rural da nosa provincia. Posta en práctica dunha clara intención de concentración da poboación en vilas e cidades.

Irresponsabilidade como goberno de afrontar, de xeito serio e real, o grave problema demográfico que estamos a vivir na nasa provincia, ao igual que no conxunto de Galicia.





O peor desta situación é que a Xunta de Galicia non é quen de garantir que a agrupación de profesionais ou a agrupación de varios concellos nun único Centro de Atención Pediátrica sexa unha decisión temporal, senón máis ben o contrario, o que acentúa a preocupación de pais e nais que cada vez dubidan máis da continuidade do servizo de pediatría en primaria nos seus centros de saúde de referencia por profesionais especialistas en pediatría.

Existen diversos problemas que recrudecen o problema da ausencia de profesionais de pediatría:

- Unha nula vontade do Goberno galego para reclamar do Goberno de España nos últimos anos o aumento notorio de prazas de MIR previa
- Deficiente política laboral que prima a inestabilidade e eventualidade nos profesionais
- Ausencia de políticas de contratación con visión a medio e longo prazo que non só eviten a fuga de profesionais de Galicia a outras comunidades autónomas, senón que procure incorporar ao sistema galego a profesionais doutros lugares.

O problema do deficiente número de profesionais ten consecuencias na perda de calidade do servizo, de aí a agrupación de pediatras en torno a centros de saúde que funcionan como puntos de referencia comarcais.

É urxente considerar o servizo de pediatría coa importancia que merece e facer un plantexamento común que resolva o problema actual e deseñe as medidas a medio e longo prazo para estabilizar a situación da pediatría coa vontade de fortalecer un servizo moi demandado, valorado e necesario para cidadanía.

É o caso do Concello de Ares, que dende o mes de setembro ten que desprazar ás súas pequenas e pequenos ata o municipio de Fene situado a 10Km do Concello, xa que os constantes cambios de horario e profesionais do servizo de pediatría deixan algún días mesmo sin asistencia; e fan que teñan que desprazarse ou ser atendidos polo médico de familia sen experiencia nin formación pediátrica de ningún tipo.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a:

1. Dotar da maior estabilidade posible aos/as profesionais de pediatría, traballadores do Sistema galego de saúde, co obxecto de que non se consolide a súa precaria situación laboral, evitando así a fuga de profesionais por motivos de condicións laborais.
2. Retrasar voluntariamente a idade de xubilación dos profesionais.
3. Desenvolver un plan de contratación de profesionais de pediatría en atención primaria, abrindo a posibilidade de incorporar o maior número posible de especialistas, para obter unha solución o máis áxil posible do problema da ausencia de persoal para o servizo.
4. Acordar co Goberno de España a axilización dos procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos





recursos necesarios aos centros sanitarios para que exista a mellar cobertura posible de todo o proceso formativo.

5. Continuar coa implantación de enfermaría pediátrica, xa que a pesar da creación da especialidade no ano 2005, o impacto deste novo especialista en atención á infancia en Atención Primaria é escasa ou nula.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando esta moción a presenta o PSdeG-PSOE e como a coñecemos todos imos a ser moi breves, sabemos que so servizo de pediatría está sendo deficitario nesta zona, acábome de enterar que Ortegai vai a quedar sen pediatría dous meses ou tres o cal é inaceptable, en consecuencia eu creo que Ares o pediatra dalgunha maneira é o espello efectivamente xeral que pasa por descoidar a sanidade pública, atentar contra a sanidade pública de desmontar a sanidade pública. O PP nos últimos anos cerrou máis de 10000 camas hospitalarias e creo que ten unha cruzada nos servizos públicos e descoidar este servizo pois imaxino beneficiará dunha maneira importante o servizo privado porque ti non vas a deixar de ir ao médico, non hai pediatra en Ortigueira en Mañón e vas a deixa ao neno na casa enfermo entón, vimos o tema de Verín que evidentemente deron volta atrás, é unha situación que a nós nos afecta e en consecuencia pois presentamos unha moción sobre este servizo que xa levamos a outros órganos anteriores como foi a xunta de voceiros e a comisión entón nós o que pedimos é que se dote de maior estabilidade aos profesionais, que se atrase a idade de xubilación que non se poña como escusa que non hai, plan de contratación de persoas da pediatría para incorporar maior número de especialistas, acordar co goberno de España a axilización dos procesos de acreditación de prazas de novo ingreso e continuar coa implantación de enfermería pediátrica en consecuencia, isto o pedimos para toda Galiza e por suposto tamén para Ares e sen perxuício de que constantemente estamos trasladando ao xerente do área hospitalaria que necesitamos un novo técnico e que necesitamos un pediatra a xornada completa

en consecuencia iso está enriba da mesa fai tempo e todos queremos mellorar un servizo sanitario e neste caso concreto non só afecta a Ares a facemos en termos xerais porque sabemos isto o padece moitos máis veciños non só os nosos.

Continúa o Sr. Alcalde dando a palabra ao BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que soamente querer intervir para dicir que o noso voto vai ser a favor.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestamos que nos queremos presentar unha medida transaccións en dous puntos si se acepta ben e seno [inintelixible] isto é una cousa que ben rodada [inintelixible] fai una anos co tema da crise tomouse unha serie de medidas por parte do goberno de non prorrogar a xente pediatría é médico de familia é a situación é a que hai, que non hai, entre que a xente está xubilada e o que vemos en Ares é practicamente o mesmo o que pasa é que o 80%





ou o 90% está prorrogada como é o caso de Castiñeira e de Galan e estas son as consecuencias menos mal que esta xente non se xubilou que senón a crise sería total porque claro tomáronse esas medidas e non contrataron xente, en pediatría non hai xente pero non nos podemos queixar aquí en sanidade mellorouse moito, mellorouse moto nos últimos anos e en Galiza exactamente igual, estamos a cabeza tanto en ambulatorios como en operacións somos punteiros, ágora mesmo no tema de pediatría agora mesmo estase cubrindo o 90% no resto de comunidades están a 50%, 60%, 70% e creo que esta situación hai que recollela e traballar por ela, por iso nós queremos que estes dous puntos se deben recoller nesta medida transaccional:

- Instar a Xunta de Galicia a manter o compromiso de estabilidade do persoal da sanidade pública as convocatorias a través das ofertas públicas de emprego para as categorías de primeiro nivel é dicir, pediatras, atención primaria e médicos de familia, así como, a seguir dotando de prazas as categorías de enfermería especialista en pediatría e da enfermería familiar é comunitaria.
- Instar ao Goberno de España a que promova en colaboración das comunidades autónomas todas as medidas que sexan necesarias para solucionar o déficit de especialistas no sistema nacional de saúde

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a segunda é a cuarta da moción, acordar co Goberno de España e as comunidades autónomas que son as que teñen competencias en materia de sanidade e di “axilización dos procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría e dotar de recursos necesarios aos centros sanitarios para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo” eu creo que o teu segundo punto e o noso cuarto e o teu primeiro punto eu creo que é o un e o cinco, o un en canto os traballadores que se consolide a súa situación e o quinto mis enfermeiras pediátricas, eu creo que está todo aquí, porque efectivamente ti pides no primeiro que haxa máis pediatras e nos tamén, pides que haxa máis enfermeiros pediátricos e nos tamén e lle pides ao Goberno de España que promova a colaboración e nos tamén entón eu creo que eses puntos están recollidos aquí de feito a formación se lle pide ao Goberno de España e ti dos acordo coas Comunidades Autónomas, teñen que acordar co Goberno de España entón pediríache que des eses dos puntos por sumidos nos termos xerais da moción, nesta moción non se dicimos nada diferente creo. Desenvolver un plan de contratación de pediatría e atención primaria iso é o que dis ti, abrindo a posibilidade de incorporar o maior número posible de especialistas abrindo a posibilidade de incorporar o maior número posible de especialistas, para obture una solución o mis áxil posible do problema da ausencia de persoal é o que pides ti no punto 1.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que están de acorde e que o se voto vai ser favorable.





Sometida a votación a Aprobación a moción presentada polo PSdG-PSOE “Servizo de Pediatría”. o Pleno do Concello por unanimidade 13 (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 PP, 2 BNG) acorda prestar a súa aprobación.

D. Moción PSdG-P.S.O.E.: Servizo de Axuda no Fogar.

Dáse conta da moción presentada polo PSdG-P.S.O.E “Servizo de Axuda no Fogar” presentada o 14 de xaneiro do seguinte teor literal;

O Grupo Municipal dos Socialistas de Ares de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN** sobre o financiamento das entidades locais na prestación do servizo de Axuda no Fogar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Pero estamos a asumir, cada vez máis, competencias impropias, que deberían asumir outras administracións. Competencias que non veñen acompañadas do suficiente e/ou correspondente financiamento co que facerlles fronte.

A Axuda no Fogar é unha desas competencias impropias xa que corresponde ás administracións autonómica e estatal pero que, cada vez de xeito máis preocupante, está a supoñer unha carga financeira, ás veces xa inasumible, para os orzamentos locais.

A Xunta de Galicia aporta dende o ano 2008 9.70 €/hora (como máximo) sen levar a cabo ningunha actualización, quedando estancado o prezo/hora. Outras administracións, como a Deputación de A Coruña, aportan, dende o ano 2018, 12 €/hora: un prezo máis acorde co custe total do servizo.

O que está a suceder neste momento é que os concellos nos vemos na abriga de actualizar as licitacións para a prestación deste servizo. Estas novas licitacións, ás que agora temos que facer fronte dende os concellos, contemplan actualizacións de prezos que van dende os 16€/hora ata os case 23€/hora, xa que, como é normal, nos últimos anos, os salarios incrementáronse e os convenios colectivos modificáronse.

Dito incremento de prezo/hora redunda, en grande medida en:

Unha xusta mellara nas precarias condicións contractuais que a día de hoxe sofren as traballadoras (na súa inmensa maioría) e os traballadores deste servizo.

Unha mellora das prestacións ás persoas usuarias (fundamentalmente persoas maiores e dependentes).





Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta:

1.- Á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerlles fronte, chegando como mínimo á aportación que fai a Deputación de A Coruña.

2.- Á Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020 que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.

Ares, 14 de xaneiro de 2020

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que esta moción é sobre o Servizo no Fogar, esta moción que tamén foi a órganos previos pois un pouco o que se plantexa son dous petitums, o primeiro “instar a Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos de cantidades orzamentarias suficientes” a lei de sostenibilidade das entidades locais que aprobou o PP lle quitou aos concellos esta competencia, os servizos sociais non son unha competencia municipal pero por razóns funcionais porque estamos mais preto dos veciños que ninguén exercemos estas competencias que non son de titularidade local, co quen ten a titularidade ten que financiar teñen que dar financiamento suficiente. Eu recordo na primeira lexislatura cando os servizos sociais, este servizo en concreto de axuda a domicilio lle custaba ao concello trescentos mil euros, e non o pagaba ninguén, logo veu a lei de sostenibilidade e deixo que isto non era municipal e agora eses cartos nolo dan o que pasa é que cada vez damos mais servizos e o que nos dan non cubre gastos, por iso tipo que entrar a Deputación para darnos demais pero a Deputación non é unha entidade local tampouco ten porque dar ese servizo entón lle pedimos a Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado que son os que reparten esta competencia que a financien e no punto 2, xa lle pedimos directamente a Xunta de Galicia que é quen recibe os fondos do Estado para este fin, é dicir o Estado en materia de Servizos Sociais non lle cartos ao concello, o da Xunta de Galicia para que o derive ao concello se lle pide a Xunta de Galicia que negocie e aprobe cos concellos a través dos nosos representantes que son a FEGAMP non cos concello de un en un, un novo sistema de financiamento xusto entón lle pedimos aos titulares da competencia que non nos deixen aquí a expensas de como vaia o tema e teñamos que ir a Deputación e que a Deputación teña que dar uns cartos que podía ir para outras cousas ese é o petitum, abrimos unha quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dando as grazas e manifestando que nos vimos a votar a favor do petitum aínda a pesar de que temos grandes discrepancias coa a





política municipal en canto a axuda no fogar, hai uns anos estaban pagando os usuarios máis do que custaba o servizo, sempre denunciámos este tipo de cosas pero a pesar de que discrepamos coa política municipal de axuda no fogar que se esta levando aquí estamos de acordo coa petición, polo tanto o noso voto vai ser favorable.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que seu voto vai ser en contra.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro de NAL.

Intervén o Sr. Luis Cendán Fernández dicindo que o seu voto vai ser a favor.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que o tema é o seguinte hai dous puntos e os sometemos directamente a votación.

Sometida a votación a moción presentada polo PSdG-PSOE “Servizo de Axuda no Fogar” o pleno do concello por 10 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 2 BNG e 1 NAL) e 3 votos en contra (3 PP) acorda prestar a súa aprobación.

E. **Moción Vía Galega.**

Dáse conta da moción presentada por Vía Galega de data 20 de xaneiro de 2020 do seguinte teor literal;

Este vaise i aquel vaise, e todos, todos se van. Galicia, sin homes quedas que te poidan traballar.

Tés, en cambio, orfos e orfas e campos de soledad,

e nais que non teñen fil/os e fil/os que non ten pais.

E téis corazóns que sufren longas ausencias mortás, viudas de vivos e mortos

que ninguén consolará.

No poema ***Pra a Habana!***, a nosa poeta, ***Rosalía de Castro***, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

156 anos despois da publicación de ***Cantares Gallegos*** este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do ***Instituto Galega de Estatística***, nos últimos 10 anos (2008-2017 -últimos datos dispoñíbeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.





Nese período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.

A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época na que Rosalía escribiu Para a Habana! A poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descenderá ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

Algúns xa denominan a esta realidade “a Galiza mingüante” e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a marte a medio prazo de Galiza como ente colectivo.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base productiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo o devandito o Pleno do Concello adopta os seguintes acordos:

- Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un trabal/o digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.
- Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.
- Deben ser eixos destas políticas:





- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.
- A creación de emprego digno e de calidade.
- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.
- O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogadeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC.

Galiza, 21 de outubro de 2019

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que a presente moción é de Vía Galega e foi presentada polo BNG entón, doulle a palabra a Emilio para que a presente el. podía facelo eu, pero ben presentouna el entón ten a palabra o voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dando as grazas e sinalando que en moitos concellos veñen eles a defendela aquí non, entón vou a facer lectura da petición dos acordos en canto o resto temos que dicir que vai dirixida ao tema da emigración entón, os acordos son, Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren O dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas, os acordos son;

- *Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.*
- *Deben ser eixos destas políticas:*
- *A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza enGaliza.*
- *A creación de emprego digno e de calidade.*
- *O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.*
- *O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza,*





nomeadamente o agrogadeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC.

O Sr. Alcalde pregunta se fixan posicións, todos os grupos aceptan.

O PP sinala que vai votar en contra, o NAL a favor e o PSdG-PSOE a favor.

O Sr. Alcalde pregunta ao voceiro do PP se quere motivar o se voto en contra.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que cando se presenta unha moción se traballa e hai que dar datos con fiabilidade en canto aos retornados e os emigrantes que hai e se pode ver que se mellorou, si que é certo que no ano dezanove e vinte todos se ían para América, pero na actualidade non é a realidade, eu creo que melloramos os datos que a xente está retornando, e grazas a xente que está retornando hai máis xente viva das que morren, é vinculado ao tema da xente que ven a Galiza e creo que iso o deberían saber. Na moción fai referencia ao 2008-2017 saldo migratorio exterior segundo o Estatuto Galego de Estatística é positivo en corenta e cinco mil persoas no tramo de 16 a 54 anos o saldo é positivo en 16820 mil persoas no tramo 17 a 34 é positivo en 848 mil persoas e si facemos referencia ao último ano o saldo é positivo en máis de 13000 persoas, quero dicir que a situación de Galiza non era a que era, está vindo a xente para Galiza e por parte da Xunta de Galicia se están a facer esforzos co tema da igualdade e outras inversións industriais para que a xente retorne é certo que no ano 2009 o tema das escolas públicas infantís eran 12700 e agora estamos en 25000, nesta lexislatura estase creando no tema das escolas para que a xente teña máis accesibilidade a poder traballar é dicir que no ano 2019 hai trinta e seis concellos que non teñen escola infantil nin outro centro semellante mentres que no 2009 eran tres veces máis quero dicir, que se está mellorando considerablemente neste tema e se están facendo esforzos e non podemos comparar o século XIX ou XX ca situación actual en Galicia creo que ven máis xente retornada da que emigra, se está a favorecer a industria, a igualdade estas cousas para que a xente veña e retorne e que Galicia necesita xente porque estase quedando despoboada o interior, eu creo que a situación non é a que era, está moi globalizado temos a comunidade económica europea e temos moita xente traballando e hai moitos traballadores traballando por aí na comunidade económica europea. A realidade de esta moción está anticuada non é a real, xa dixen os datos e por iso imos a votar en contra.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que Ferrol tiña 100000 habitantes, nos anos 80 e agora 60000, os nosos fillos non atopan traballo aquí e os nosos fillos se teñen que ir o vemos en Ares, rapaces que teñen unha carreira e os deixas de ver porque están traballando fora aquí quedan os vellos os pais, vas a Ferrol e ves xubilados que non hai nin quen os coide, e os que veñen para aquí non é porque vivan mellor senón porque escapan de Venezuela, os nosos emigrantes retornados escapan de situacións dramáticas non veñen a Galicia porque están mellor en consecuencia o drama que





estamos sufrindo e brutal e os defensores da familia que rasganse as vestiduras o pin parental en fin non [inintelixible] e ben esa é a situación e esa é unha triste realidade e as políticas para aumentar a natalidade son exemplares en Francia governe quen goberno e aquí son inexistentes, sigue sendo penosa, os que velen para aquí son os que escapan ducha realidade moito peor entón ben, evidentemente imos a votar a favor e fixadas as posicións e explicado o voto o sometemos a votación.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando ao PP que anteriormente falaba de datos estamos nun punto globalizado e hai que entender que esta xente se marche fóra a min gustaríame que a xente se Galicia marchara fóra sempre que xente de todo o mundo traballara en Galicia o gran problema e que non hai emprego non se dan as circunstancias para que neste mundo globalizado Galicia atraia xente a pesar da potencialidade que ten entón, circunscribamos esta moción nin mundo globalizado e traíamos xente co apoio destes puntos.

Sometida a votación a moción presentada por Vía Galega o pleno do concello por 10 votos a favor (7 PSdeG-PSOE, 1NAL, 2 BNG) e 3 en contra (3 PP), acorda prestar a súa aprobación.

F. Moción do B.N.G.: Mellora da Sanidade Pública.

Dáse conta da moción presentada polo Grupo municipal B.N.G. "Moción para mellora da Sanidade Pública" de data 14 de xaneiro de 2020 do seguinte teor literal;

OFICINA MUNICIPAL NACIONAL

MOCIÓN PARA A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a mellora da sanidade pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Corporación Municipal do Concello de Ares está preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso concello como da Área de Saúde á que pertencemos, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Feixoo, baseada nos recortes de recursos e orzamentos, no desmantelamento de hospitais comarcais, no abandono dos Centros de Atención Primaria, na ocultación e manipulación das listas de espera, na precarización e explotación do persoal, recortes de camas hospitalarias, privatización e externalización de servizos esenciais, derivacións de doente a centros privados, desatención clamorosa da saúde ental e das mulleres.

Estas políticas le van a sanidade pública a un punto de difícil retorno se non as paramos entre todos.

As protestas dos Centros de Saúde, o le vantamento da poboación de Verín contra o peche da sala de partos do seu hospital e as protestas de nais e pais contra a





falta de pedía tras son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.

Creemos que estamos ante un momento im portante, en que a Corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía, in dis tint ame nte da forza política á que pertencen os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que no noso concello e na Área Sanitaria se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Non se pode nin se debe admitir a deterioración do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público.

Os municipios da Área de Sa nitaria neces ita n uns se rvizos público s de sa nidade acordos co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.

SEGUNDO. Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área

TERCEIRO. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

CUARTO. Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.

QUINTO. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

SEXTO. Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.

SÉTIMO. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

OITAVO. Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.





NOVENO. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais dos nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade.

Comunicar a presente mocion da Corporación Municipal de á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro 2020

Intevén o Sr. Alcalde manifestando que esta moción e sobre a “Mellora da Sanidade Pública” foi presentada polo BNG, e ten a palabra o voceiro para que de maneira breve a expoñer un pouco o que xa coñecemos porque levada a comisión.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías sinalando que anteriormente tratamos outra moción sobre este ámbito, no ámbito da sanidade, vou lendo os acordos esta moción é sobre a melhora da sanidade pública.

O Sr. Mesías Farías fai lectura dos acordos anteriormente trancritos.

O Sr. Alcalde dálle a palabra aos grupos para fixar posición, PP en contra, NAL a favor, PSdeG-PSOE a favor.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que non se abre debate.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que quere facer unha puntualizacións, en canto a primeira afirmación están sempre ca mesma letanía sobre a privatización do servizo de saúde, é mentira, é 100% público, non se pode enganar a xente, non se pode estar seguido mentido, contade a verdade é 100% público está dando uns datos aí que é de lamentar. Imos a ceñirnos ao caso de Ares, no caso de Ares aquí había un compromiso por parte da Deputación cando gobernaba o bipartito, un compromiso para facer un centro de saúde novo e había millón e medio de euros para destinalo ao Concello de Ares, non soamente non fixeron nada, senón que gastaron os cartos destinados a iso para o centro de saúde de Ares, os gastaron, onde os gastaron non sabemos, é dicir que de 20004 a 2008 o incremento do que está acusando vostede da privatización do que vai o tema a centros privados fixeron vostedes récord dos servizos derivados para as clínicas privadas, hai que dicir que nestes últimos anos se foi recortando e cada vez se vai recortando máis no servizo galego de saúde. Dicir que aquí temos unha inversión que se vai facer no Arquitecto Marcide e estamos aí e que é o 100€ pública, non sigamos enganando a cidadanía, miremos atrás que vostedes veñen aquí cando estiveron gobernando no 2004-2008 derivaron a metade do servizo as clínicas privadas e veñen vostedes acusando aos demais que non o fixeron e que é lamentable, é lamentable, e o de Ares que ten que dicir que hai un convenio xunta e Deputación para facer un centro de saúde novo, que está comprometido cas





provinciais e a Xunta de quince mil millóns de pesetas, o acordo era de facer dezanove centros de saúde novos e rehabilitar trinta e pico e vostedes non soamente non os fixeron, non fixeron nin proxecto nin anteprojecto nin nada de nada e gastaron os cartos, gastaron os cartos e tiveron que volver a orzamentar o centro de saúde novo e o que nos indigna é que veñan vostedes que é o 100% todo o persoal sanitario é público e se está ampliando agora mesmo nestes dous últimos anos están facendo inversións millonarias no tema de saúde e veñen vostedes a dar aquí leccións de cal é o prioritario deste concello

Sometida a votación a moción presentada polo BNG “Mellora da Sanidade Pública” o pleno do concello por 10 votos a favor (7 PSdeG-PSOE, 1NAL, 2 BNG) e 3 en contra (3 PP), acorda prestar a súa aprobación.

IMPOSIBILIDADE DE SEGUIR TRANSCRIBINDO O AUDIO REMATA AQUÍ

Punto núm. 5.- Rogos e preguntas

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dous horas do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

